

MANIFESTO PARA O DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E A PAZ

Cada ano o día 30 de xaneiro celébrase o **Día Escolar da Non Violencia e a Paz** en conmemoración do día da morte de **Mahatma Gandhi**, o home que coa súa loita pacífica e as súas accións de non-violencia, conseguiu que a independencia da India, o seu país natal, se fixese realidade. Tamén se conmemora a morte doutro pacifista, **Martin Luther King**, que foi asesinado do mesmo xeito que Gandhi, do que aprendera que a resistencia pacífica é a arma máis potente en mans das persoas oprimidas que loitan pola súa liberdade. Este día lémbrese así mesmo a **outros e outras pacifistas** testemuñas da non violencia.

A **Xunta Directiva do Seminario Galego de Educación para a Paz** ven de acordar, por unanimidade, a concesión do PREMIO PORTAPAZ a **D. Roberto Rivas**, bombeiro de A Coruña, pola súa firmeza e coraxe cívica á hora de defender o dereito á vivenda, dereito recoñecido no Art. 25 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e na propia Constitución, Art. 47. D. Roberto Rivas negouse, pacífica e democraticamente, a participar nun desafuzamento. Este bombeiro de profesión e vocación, está implicado, como tantas outras persoas, nos movementos sociais e nas organizacións da sociedade civil que defenden, desde a mobilización pacífica, a dignidade en tempos de agresión aos dereitos económicos, sociais e laborais da cidadanía.

O pasado 9 de novembro conmemorouse o 25 aniversario da **caída do muro de Berlín**, un muro real que dividía en dúas partes unha cidade. Pero no mundo aínda permanecen moitos muros levantados. Algúns son físicos, alambradas como a de Marrocos, a fronteira entre México e EEUU, entre as dúas Coreas... Pero **os muros non precisan ser físicos**; poden e adoitan ser mentais. Levántanse sobre as nosas cabezas cando o odio e o medo vencen á intelixencia e ao diálogo. E estes muros mentais son os máis duros e complexos de derrubar.

O muro é unha barreira. O muro é un límite. O muro é sempre unha forma de exclusión. **Os muros aséntanse nos prexuízos, no medo ao diferente, na desconfianza e na covardía.** Por todo isto, neste Día Escolar da Non Violencia e da Paz e ao longo deste curso, queremos reflexionar sobre os nosos muros, simbolizados nesta construción que derrubaremos ao principio do mes de maio para liberar a PAZ.